



OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

A Consellaría de Educación entregou na Mesa Sectorial de hoxe, día 10 de febreiro, a súa proposta de Oferta de Emprego Público: Vai haber oposicións de Mestres con 600 prazas. Profesores/as Ensino Secundario cunha oferta de 272 prazas, Profesores/as Técnicos/as de Formación Profesional con 66 prazas, Música e Artes escénicas con 29 prazas

Ao iniciarse a mesa convocada pra tratar a oferta de emprego público a CIG-Ensino denunciou a actitude da Consellaría por facer pública a oferta de emprego nos medios de comunicación con antelación ao órgano que debía negociala. O pasado sábado na prensa e hoxe mesmo cos datos exactos na súa páxina web con antelación á realización da mesa. Esta actuación é unha burla aos órganos de negociación, onde se ten que debater unha oferta que, até ser sometida a debate, non debería facerse pública. Por outro lado a Consellaría non entregou a oferta aos representantes do profesorado até as 10 da mañá, ao inicio da Mesa, o que inviabilizou que puideramos realizar unha valoración axeitada e consecuenta. De aí que lles exixíramos que tiña que haber unha nova Mesa, do contrario estaríamos a falar dunha imposición máis desta Consellaría en lugar dunha negociación. Finalmente, despois da nosa forte crítica, comunicáronnos que se abre un prazo de 48 horas para facer alegacións á oferta presentada, aínda que nunca incidiría no cómputo global das prazas.

Para a CIG-Ensino, estamos ante unha oferta reducida, máxime se temos en conta que o ano pasado non houbo oferta de secundaria e son abundantes as necesidades de profesorado nos centros públicos debido aos recortes habidos nos últimos cursos, tal e como se comproba nas dificultades dos centros, cada inicio de curso, para cubrir as necesidades de profesorado.

CORPO DE MESTRES

Código	Especialidade	Discapitado	Libre	TOTAL
38	Educación Primaria	14	198	212
31	Educación Infantil	8	118	126
32	Idioma estranxeiro: Inglés	4	46	50
34	Educación Física	2	22	24
35	Educación Musical	2	18	20
36	Pedagogía Terapéutica	7	93	100
37	Audición e Linguaxe	5	63	68
Subtotais:		42	558	600

Secundaria

Especialidade	A2-A1	Discapitado	Libre	TOTAL
Latín	1	1	6	8
Bioloxía e xeoloxía	2	2	26	30
Inglés	3	3	44	50
Orientación educativa	4	1	10	15
Tecnoloxía	2	3	35	40
Economía	5	1	10	16
Administración de empresas	5	1	10	16
Construcións civís e edificacións	1	1	6	8
Formación e orientación laboral	8	2	16	26
Informática	1	1	7	9
Intervención sociocomunitaria	2	1	7	10
Organización e procesos de mantemento de vehículos	1	0	5	6
Organización e proxectos de fabricación mecánica	1	0	9	10
Procesos na industria alimentaria	1	0	3	4
Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos	1	1	6	8
Procesos sanitarios	1	1	6	8
Sistemas electrónicos	1	0	3	4
Sistemas electrotécnicos e automáticos	1	0	3	4
Subtotais:	41	19	212	272

Esta oferta apenas supón crear emprego xa que está limitada case en exclusiva a sacar a oposición aquelas vacantes produto da xubilación (374 primaria, 157 secundaria)

O reducido número de prazas en secundaria imposibilitará incrementar os cadros de persoal dos centros, atender adecuadamente a atención á diversidade, reducir o fracaso escolar, reducir as rateos, reducir o horario lectivo aos profesores maiores de 55 anos, etc. Cuestións estas que están recollidas no programa electoral do PP e que non se preocupan de cumprir.

A CIG Ensino reclamou a negociación dun acordo de estabilidade para o profesorado interino colle aínda máis forza e é máis necesario, neste momento, para facilitar o seu acceso como funcionario/a e facilitar tamén o ingreso de novo profesorado ao sistema educativo. Con este compromiso, poderíanse convocar máis prazas, tendo en conta o profesorado que se xubila, as necesidades que teñen os centros e que só quedan dúas convocatorias transitorias (contando esta) establecidas na LOE.

Con relación á oferta para o **corpo de mestres**, aínda sendo importante, redúcese en 140 prazas con respecto á do ano 2009. **Para a CIG-Ensino, poderíase facer unha oferta maior**, tendo en conta as necesidades a atender ou facilitar un ensino máis personalizado, o que supón un incremento de profesorado nos centros de ensino de primaria e infantil.

Sen lugar a dúbidas, unha oferta maior conseguiría dous obxectivos fundamentais: amortecer o desemprego neste momento de crise e dotar os centros educativos de máis profesorado para incrementar a calidade, combater o fracaso escolar e impedir o abandono escolar prematuro. Unha oferta reducida impide unha maior renovación dos cadros docentes, crear emprego e acadar o dereito indefinido a que o profesorado se poida xubilación anticipadamente aos 60 anos.

Profesores de música e artes escénicas

Especialidade	Discapacitado	Libre	TOTAL
Arpa	0	2	2
Canto	1	2	3
Fagot	0	3	3
Fundamentos de composición	1	2	3
Clarinete	0	2	2
Tuba	0	2	2
Percusión	0	3	3
Trompa	0	2	2
Viola	0	2	2
Violoncello	0	2	2
Linguaxe Musical	1	4	5
Subtotais:	3	26	29

Profesores técnicos de formación profesional

Especialidade	Discapacitado	Libre	TOTAL
Cociña e pastelería	1	5	6
Fabricación e instalación de carpintería e moble	0	3	3
Instalacións electrotécnicas	1	7	8
Instalacións e mantemento de equipos térmicos e fluídos	0	3	3
Mantemento de vehículos	1	5	6
Mecanizado e mantemento de máquinas	0	4	4
Oficina de proxectos de construción	0	2	2
Operacións de produción agraria	0	6	6
Procedementos de diagnóstico clínico e produtos ortoprotésicos	1	5	6
Procedementos sanitarios e asistenciais	0	6	6
Sistemas e aplicacións informáticas	1	11	12
Técnicas e procedementos de imaxe e son	0	4	4
Subtotais:	5	61	66

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com